



DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA

ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA

Praza de Ourense núm. 11

A Coruña, 15003

Asunto: Alegacións ao Estudo de Impacto Ambiental e á solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Badulaque de 90 MW e a súa infraestrutura de evacuación.

BOE nº 161, do 07 de xullo de 2021.

ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, con DNI núm. 32.646.716 X na súa condición de alcalde-presidente do **CONCELLO DE VALDOVIÑO**, en unión das persoas que asinan a presente, e designando todas elas como domicilio con efectos de notificacións o correspondente á Alcaldía do Concello de VALDOVIÑO, sito en rúa Porta do Sol s/núm. - VALDOVIÑO (15552 - A Coruña), comparecen e DIN:

Que teñen coñecemento do Anuncio da área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Badulaque de 90 MW e a súa infraestrutura de evacuación na provincia da Coruña, identificado co Código do proxecto: PEol-416 (BOE nº 161, do 07 de xullo de 2021).

Que por non estar de acordo co Estudo de Impacto Ambiental nin coa solicitude de Autorización Administrativa Previa publicadas, por medio do presente escrito formulan as seguintes

ALEGACIÓNS:

PREVIA. Con carácter previo a calquera outra consideración, débese poñer de manifesto que o proxecto presentado incumpe abertamente as disposicións do



Plan Sectorial Eólico de Galicia sobre a incidencia ambiental, en particular, acerca da protección dos núcleos rurais.

Deste modo, no mencionado Plan Sectorial Eólico establécese que a distancia dos aeroxeneradores ás liñas de delimitación de solo de núcleos rurais, urbano ou urbanizable sectorializado, será de 500 metros como mínimo.

Esta prescrición recóllese igualmente na Memoria sobre “ZONIFICACIÓN AMBIENTAL PARA LA IMPLANTACIÓN DE ENERGÍAS RENOVABLES: EÓLICA Y FOTOVOLTAICA (SENSIBILIDAD AMBIENTAL Y CLASIFICACIÓN DEL TERRITORIO”, publicada o 01 de decembro de 2020 polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e xustifícase neste mesmo documento esta distancia mínima de 500 metros aos núcleos en base ao seguinte:

En general, la limitación se justifica por la generación de ruido, aunque también se tienen en cuenta el efecto intermitencia de sombra (shadow-flicker) y los riesgos asociados a que ocurra algún accidente grave por desprendimiento de las palas.

Pois ben, no caso que nos ocupa non se cumpre a distancia mínima a diversos núcleos de poboación, entre os que destacamos os núcleos rurais de A Mourela, na parroquia de Valdoviño; A Escola, na parroquia de Vilarrube e San Pedro, A Carbeira e O Seixidal, na parroquia de Vilaboa, preto dos cales se pretende a instalación dos aeroxeneradores identificados como BAD-28R, BAD-20R, BAD-17R y BAD-16R

Asemade, e en relación co incumprimento das distancias ao núcleos rurais, tamén existen multitude de construcións, destinadas tanto o uso residencial como o uso agropecuario ou terciario, que se verían directamente afectadas por encontrarse dentro do perímetro inferior aos 500 metros e, polo tanto, suxeitas aos riscos, incluso a aqueles que se sinalan como riscos graves para as persoas e os bens, derivados da posibilidade de un accidente consistente no desprendemento de palas, en palabras do documento que quedou mencionado do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.



Por último, convén destacar que a poligonal do parque eólico inclúe, fora de toda lóxica, terreos coa clasificación de solo urbano.

PRIMEIRA. O Anteproxectos de referencia así como o Estudo de Impacto ambiental omiten aspectos relevantes para poder avaliar o impacto da actuación sobre as fincas das que son propietarios os dicentes.

Resulta necesario coñecer a ubicación exacta dos elementos que constitúe o parque eólico, para desta maneira analizar e valorar o impacto que se producirá nos bens e dereitos dos que son titulares os particulares e, en concreto, nas fincas das que son propietarios os alegantes, xa sexan destinadas ao aproveitamento agrogandeiro, a vivenda ou a outros usos.

O anteproxecto presentado non conta coa preceptiva relación dos bens e dereitos afectados, polo que se está xerando unha situación de indefensión aos veciños da contorna, descoñecedores do alcance e impacto real das instalacións proxectadas.

Deste modo, procederá en todo caso a consideración de bens afectados pola expropiación para as vivendas, fincas e as explotacións dentro do perímetro aludido na alegación previa, dado que debido á curta distancia á que se encontran do perímetro do parque eólico existirán limitacións ao uso e xestión da propiedade que se derivarán da imposición de servidumes forzosas.

En concreto, veranse limitados os propietarios por encontrarse en zona de servidume e afectación do parque eólico e tratándose estes de prexuízos concretos que merecen ser indemnizados. Así, estas limitacións constitúense precisamente como consecuencia da construción da obra que dá lugar á expropiación, é dicir, son consecuencia directa da expropiación e afectan aos predios que nos ocupan como consecuencia de encontrarse lindeiros coa zona na que se proxecta o parque eólico.



De acordo con isto, estas limitacións ao uso, aproveitamento e xestión da propiedade, merecerán ser indemnizadas en cumprimento do previsto no artigo 1 da Lei de expropiación forzosa: *a expropiación forzosa por causa de utilidade pública ou interese social [...] entenderá comprendida calquera forma de privación singular da propiedade privada ou de dereitos ou intereses patrimoniais lexítimos, calquera que foran as persoas ou entidades á que pertenzan, acordada imperativamente, xa implique venda, permuta, censo, arrendamento, ocupación temporal ou mera cesación do seu exercicio.*

SEGUNDA. Por outra banda, a liña proxectada descorre paralela a outra liña xa existente, polo que o seu obxecto non está xustificando e facer unha nova instalación con máis infraestruturas neste suposto ocasionaría un innecesario impacto sobre a paisaxe, a poboación e a fauna.

Neste senso, o Real Decreto 1432/2008, de 29 de agosto, pola que se establecen as medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión, dispón que para evitar a proliferación de liñas innecesarias, promoverase o uso compartido das liñas eléctricas aéreas, requirindo xustificación ambiental e técnica para autorizar a construción de novos tendidos eléctricos con trazado parcialmente coincidente con outros existentes ou proxectados.

TERCEIRA. As actuacións proxectadas para a instalación do parque eólico provocarán un importante demérito no predios que queden gravados con servidumes de paso, xa sexan estas relativas a unha liña aérea ou de paso subterráneo.

No presente suposto, a conservación e aproveitamento das fincas resultantes da afección resulta abertamente antieconómica, atendendo á dedicación agraria da que actualmente é obxecto.



Co fin de minorar estes efectos, poderíanse empregar camiños e vías de acceso xa existentes, co cal se evitaría a fragmentación de propiedades ao mesmo tempo que se minoraría o impacto ambiental

CUARTA. Na área de afección do proxecto existen numerosas explotacións forestais e madeireiras que son a principal fonte de ingresos das familias que viven na contorna, polo que a fragmentación destas explotación que suporá a instalación da estación eólica e as súas infraestruturas levará aparelado unha importante perda da base territorial sumada á perda de ingresos.

QUINTA. Con respecto á contaminación electromagnética, resultan acreditadas ao longo da última década as diferentes afeccións que provoca na saúde das persoas e dos animais este tipo de instalacións.

Así, a contaminación producida pola corrente eléctrica está a ocasionar efectos adversos que revisten especial gravidade tales como cefaleas, insomnio, depresión, ansiedade, abortos, etc.

Ante estes preocupantes datos creouse proxecto CEM (de campos electromagnéticos), fomentado pola Organización Mundial da Saúde, co obxectivo de coñecer os con máis detalle os efectos que está a producir a contaminación electromagnética.

Neste sentido, a Comisión das Comunidades Europeas, en 1998 elaborou unha serie de recomendacións para os países europeos entre os que se atopan a redución de fontes de electropolución tales coma tendidos de alta e media tensión, coas súas subestacións e transformadores.

Por outra banda, resulta necesario sinalar que as liñas de alta tensión producen a ionización do aire situado ao redor do cable da liña. Este fenómeno ten numerosas consecuencias, que van dende a emisión de ruído ata a concentración de aerosoles contaminantes e gas radón.



SEXTA. Este proxecto de parque eólico contribúe á tramitación fragmentada de parques eólicos próximos con evidente interconexión entre eles, o que supón unha flagrante vulneración do espírito da Avaliación Ambiental Estratéxica establecida nas directivas comunitarias, impedindo desta maneira a avaliación de impactos acumulativos e sinérxicos das instalacións eólicas e todas as súas infraestruturas asociadas, compartidas con outros proxectos industriais.

Estes efectos probables, duradeiros e irreversibles de carácter acumulativo supoñen graves riscos para o medio ambiente, tal e como se indica no Anexo V da Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental.

En concreto, e como se expón na propia solicitude de Autorización Administrativa Previa, o parque eólico Badulaque, que afecta aos concellos de As Pontes, As Somozas, Cedeira, Cerdido, Moeche, e Valdoviño, ubicados na provincia da Coruña, forma parte dun conxunto de 6 Parques Eólicos ubicados na mesma zona, denominados Caaveiro, Tesouro, Barqueiro, Badulaque, Santuario e Moeche, que pretenden unha potencia instalada conxunta de 611 MW e todos os cales conectan coa Subestación de REE As Pontes (posición Grupo 3 Central Térmica):

Nome da instalación	Potencia	Municipios	Provincia
Parque eólico Badulaque	90,0	Valdoviño, Cedeira, Cerdido, Moeche, As Somozas, As Pontes	A Coruña
Parque eólico Barqueiro	150,0	Ortigueira, Mañón, O Vicedo, Cerdido, Moeche, As Somozas, As Pontes	A Coruña, Lugo
Parque eólico Caaveiro	78,0	Fene, Neda, Cabanas, A Capela, San Sadurniño, As Pontes	A Coruña
Parque eólico Moeche	53,0	San Sadurniño, Moeche, As Somozas, As Pontes	A Coruña
Parque eólico Santuario	180,0	As Pontes, Xermade, Vilalba, Guitiriz	A Coruña, Lugo
Parque eólico Tesouro	60,0	As Pontes, A Capela	A Coruña

A propia administración recoñece esta situación, por canto se di na publicación realizada no BOE: " *El parque eólico Badulaque forma parte de un conjunto de 6 Parques Eólicos ubicados en la zona noroccidental de la provincia de A Coruña, en*



desarrollo por parte de Enel Green Power España S.L. El conjunto de los parques eólicos, denominados Caaveiro, Tesouro, Barqueiro, Badulaque, Santuario y Moeche tiene una potencia instalada conjunta de 611 MW y conectan en un mismo punto de conexión a la Red la Subestación de REE As Pontes (posición Grupo 3 Central Térmica)."

Esta práctica está a convertirse en algo habitual no sector, polo que resulta de vital importancia recordar os establecido na sentenza 00254/2020 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo, Sección 3ª, relativa ao Procedemento Ordinario 7134/2019, de 9 de novembro de 2020, sobre o fraccionamento do Parque Eólico de Sasdónigas.

Esta resolución, no seu razoamento xurídico sétimo, establece o seguinte:

*"SEPTIMO.- Que un Parque Eólico es un conjunto de aerogeneradores conectados eléctricamente entre sí que comparten una misma estructura de accesos, obra civil y un sistema de medición propia, según Norvento S.L. (f. 27 de su contestación), teniendo Sasdónigas Fase I y Fase II proximidad en su ubicación, compartiendo infraestructuras eléctricas comunes, y, efectivamente el proyecto de Parque Eólico Sasdónigas Fase II contempla compartir las infraestructuras de evacuación propias del Parque Eólico Sasdónigas por cuestiones económicas de reducción de costas, ubicándose el Parque Fase II a menos de 2 km del propio Parque Eólico Sasdónigas, suponiendo **la posible fragmentación una práctica fraudulenta**, cuando se pretende también evitar una evaluación ambiental adecuada y conjunta de los proyectos fragmentados, esto es, al realizar una evaluación ambiental individual de cada uno de los proyectos fragmentados se evita una verdadera evaluación global de todo el proyecto y las garantías que dicha evaluación global exige..."*

Igualmente, nesta resolución xudicial dise:

"TERCERO.- Que, como pone de relieve la parte recurrente, nos encontramos ante la división artificial de un único Parque Eólico en dos fases; la fase II carece de los



elementos y equipamientos necesarios para ser considerada una instalación independiente de la fase I, entendiéndose el T.S. (s. 20-4-2006, RC 5814/2003) que la figura del Parque Eólico debe ser necesariamente contemplada desde una perspectiva unitaria, pues en otro caso quedaría desvirtuada la naturaleza y la función de este tipo de instalaciones, por lo que les es consustancial que los generadores en ellos agrupados hayan necesariamente de compartir, además de las líneas propias de unión entre sí, unos mismos accesos, un mismo sistema de control y unas infraestructuras comunes (normalmente, el edificio necesario para su gestión y la subestación transformadora) y que la energía resultante ha de inyectarse mediante una sólo línea de conexión del parque, sin que sea posible descomponer, a efectos jurídicos, un parque proyectado para diseccionar de él varios aerogeneradores a los que se daría un tratamiento autónomo; [...]"

A indefensión que orixinaría a non avaliación global de todos os proxectos da zona afectada é motivo suficiente para rexeitar de maneira definitiva o proxecto.

SÉTIMA. A instalación deste parque suporá prexuízos significativos e incompatibles coa protección dos valores ambientais e paisaxísticos que se encontran recoñecidos e protexidos, no noso termo municipal.

A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos.

En canto á protección dos valores paisaxísticos, a Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección do paisaxe de Galicia, fixa no artigo 1 o seu obxectivo: "*o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, a fin de preservar e ordenar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende aos campos ambientais, culturais, sociais e económicos. A tal fin, a presente lei impulsa a plena integración da paisaxe en todas as políticas sectoriais que incidan no mesmo*", e no artigo 2 os seus principios inspiradores: "*... que deben rexer as actuacións dos*



poderes públicos en materia de paisaxe baséanse nos contidos do Convenio europeo da paisaxe, asinado en Florencia a proposta do Consello de Europa o 20 de outubro de 2000, e demais convenios internacionais vixentes na materia", polo que resultaría necesario a realización dun estudio de impacto e integración paisaxística que abarcase o ámbito territorial no que se sitúa o parque.

Por último, débese destacar que na actualidade encóntrase en tramitación o Xeoparque de Cabo Ortegal, que comprende os concellos de VALDOVIÑO, ORTIUEIRA, CARIÑO, CEDEIRA, SAN SADURNIÑO, MOECHE E CERDIDO, e cuxa afectación non é obxecto de valoración illada nin conxunta no Estudo de Impacto Ambiental que se nos presenta.

OITAVA. É cuestión pacífica que o subministro de auga para a poboación trátase dun ben esencial do que ningún veciño da zona debe ser privado e no presente caso non foi avaliado pola promotora a afección severa ás masas de auga soterradas, acuíferos e captacións de auga para consumo humano e as explotacións agro – gandeiras da poligonal do parque.

Igualmente, resultan tamén afectadas zonas protexidas de auga potable, lineais e poligonais que non foron obxecto de estudo no proxecto controvertido.

No caso que nos ocupa, debe denunciarse a falta de avaliación da afectación para os acuíferos que abastecen ao embalse de As Forcadas, o cal abastece de auga potable a gran parte dos concellos que conforman a comarca de Ferrol (en torno a 150.000 habitantes) e que sen dúbida algunha se verá afectado pola instalación do parque, pois a vertente que alimenta encóntrase na mesma zona que os aeroxeneradores proxectados.

Esta afección severa aos recursos hídricos incumpriría flagrantemente a Directiva Marco da Auga (DMA).



Por último, con respecto á afección a recursos hídricos, poñemos de manifesto que a realización das obras suporía, previsiblemente, importantes movementos de terra susceptibles de provocar desvíos nos cursos das augas ou incluso, contamina-las.

Polo tanto, resulta preciso, de cara a evitar un gravísimo problema de falta de abastecemento de auga o de saúde pública, pola contaminación da mesma, a realización de estudos sobre a dinámica das masas de auga soterradas, dos acuíferos e das captacións de auga para o consumo humano e das explotacións agrogandeiras da poligonal do parque, así como un rigoroso plan de seguimento en tódalas fases do proxecto.

NOVENA. As afeccións derivadas dunha recualificación automática do solo, motivada pola instalación que se proxecta, e que supoñen o seu paso a solo rústico de especial protección de infraestruturas, implica unha serie de limitacións e demérito para as explotacións ás que serven de base territorial e, con isto, un impacto negativo, en primeiro lugar, no sector agrogandeiro e forestal, pero tamén na economía dos veciños da zona.

No suposto de ser aprobado este proxecto, veríanse igualmente mermadas as posibilidades de moitos veciños de cara a realizar novas construcións de apoio ás súas explotacións, o que implicaría beneficios para toda a zona, no sentido de potenciarse a actividade económica de sectores tales como o lácteo, gandeiro ou avícola.

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, na súa exposición de motivos propugna que “aposta pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda”.

En relación con isto o artigo 34.4 desta mesma norma establece:



"4. Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria", pero entendendo en base ao indicado na exposición de motivos da lei, que no caso de non poder complementarse prevalecerá aquel que máis protexa o chan rústico e en ningún caso, aquel que poida alterar de forma irreversible a funcionalidade deste como é o caso das infraestruturas eólicas proxectadas."

Por último, o artigo 35.2, sempre da Lei 2/2016, logo de enumerar os usos e actividades expresamente permitidos en solo rústico, establece que: *"Os restantes usos en chan rústico son usos prohibidos"*, sobre todo aqueles que alteren de forma irreversible a súa funcionalidade.

O proxecto eólico obxecto das presentes alegacións resulta en todo punto incompatible cos usos e a fertilidade actual dos chans afectados, debido aos movementos de terras e cimentación que van resultar necesarias para a súa implantación, producindo unha irreversible erosión da cuberta vexetal e a medio e longo prazo, a inevitable desertificación das zonas afectadas.

Estas consecuencias inciden de maneira directa na actividade agrícola, gandeira e forestal actual de xeito irreversible, resultando abertamente antieconómicas, o que suporá un prexuízo claro e directo na economía da zona e afondará no abandono das zonas rurais.

Cómpre destacar a importancia económica das explotacións forestais e madeiras da área de afección do proxecto como complemento das economías domésticas e familiares. As rendas do sector forestal e a importancia deste ao PIB da Comunidade de Galicia e ao desenvolvemento da industria da madeira foi obviado pola mercantil promotora. A estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación fragmentan as explotacións forestais e madeiras e as agro –gandeiras coa conseguinte perda da base territorial destas e a perda de rendementos. A fragmentación que produce a infraestrutura eólica resulta incompatible cos obxectivos da Política agraria



comunitaria (PAC). A empresa promotora non avaliou os impactos do proxecto sobre destas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectados.

Por último, recordar que este instrumento terá que observar o principio de desenvolvemento territorial e urbano sustentable, regulado no art. 3 do Texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro.

DÉCIMA. Relacionado co exposto no punto anterior, pero tamén en relación directa co que quedou exposto na alegación previa, debemos dicir que ao respecto da afección severa aos núcleos de poboación, o proxecto non entra a analizar as consecuencias dun eventual éxodo poboacional derivado de vivir a tan pouca distancia dos aeroxeradores.

En concreto, polo que respecta a este Parque Eólico, veranse directamente afectados diversos núcleos rurais, zonas de solo urbano e multitude de construcións existentes.

Para minorar este efecto, resulta preciso, de cara a evitar unha evidente indefensión dos veciños afectados, a realización dun estudio completo e detallado que contemple a contaminación acústica susceptible de xerar o parque eólico, en consonancia co Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas así como un rigoroso plan de seguimento acústico en tódalas fases do proxecto.

UNDÉCIMA. En relación con todo o anteriormente exposto, a actuación proposta deberá axustarse as determinacións das **Directrices de ordenación do territorio de Galicia** (contidas no Anexo ao Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, que desenvolve esa normativa) as cales no apartado 1.1 do Anexo, no que se recollen as súas determinacións, deixan moi claro o seu obxectivo: "As directrices proporcionan as



referencias territoriais para a formulación das actuacións con incidencia territorial, polo que as distintas administracións deberanse axustar ás súas determinacións."

Tendo en conta a premisa anterior, estas configúranse "como instrumento básico da estratexia para a consecución dun desenvolvemento equilibrado e sostible, en coherencia coa Estratexia territorial europea que, para conseguir un desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio, propón a cohesión económica e social, a conservación dos recursos naturais e do patrimonio cultural, e a competitividade máis equilibrada do territorio europeo", e "buscan a combinación da planificación socioeconómica coa física, en busca da eficacia nas tarefas de fomento das actividades, co equilibrio territorial, a protección ambiental, a calidade urbanística, a xestión infraestrutural e a integración unitaria de Galicia."

De este xeito, nas determinacións relativas ás infraestruturas de xeración e abastecemento enerxético, fixan no apartado 4.7.1.c. como determinación excluínte:

"Compatibilizar a preservación dos valores e da calidade do ambiente cos principios de eficiencia, seguridade e diversificación das actividades de produción, transformación, transporte e usos da enerxía."

E como determinacións orientativas os apartados:

"4.7.9. Nas novas instalacións de produción de enerxía primará a integración ambiental e paisaxística, polo que para a xustificación da idoneidade da localización se deberán valorar as diversas alternativas, outorgando prioridade aos solos xa transformados, e descartando, en calquera caso, as que deriven nunha maior incidencia, sen prexuízo das medidas correctoras correspondentes."

4.7.10. Establécense os seguintes criterios fundamentais para a ordenación dos tendidos eléctricos aéreos:



a. *En xeral, o percorrido das instalacións adaptarase á topografía e xeomorfoloxía do terreo.*

b. Preferentemente estas instalacións seguirán un percorrido paralelo ás vías de comunicación existentes (estradas, ferrocarril), evitando abrir novos trazados no territorio, respectando sempre as distancias de seguridade.

c. Sempre que existan outras liñas achegadas, priorizarase o desdoblamento das existentes antes da construción dunha liña nova. Cando isto non sexa posible por razóns técnicas, instalarase a nova liña o máis cerca posible da xa existente, para aproveitar o mesmo corredor.

Asemade as Directrices fixan no seu apartado 4.8.1 que:

“A planificación que conteña os plans e programas sectoriais, os instrumentos de ordenación do territorio e o planeamento urbanístico deben ser acordes coa planificación hidrolóxica, considerando a auga como un sistema complexo que abrangue as augas continentais, tanto superficiais como subterráneas, as augas de transición e as costeiras, independentemente do seu tamaño e características, así como as augas moi modificadas ou augas artificiais.”

En virtude do exposto anteriormente,

SOLICITAN: O rexeitamento do Estudo de Impacto Ambiental e da solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Badulaque de 90 MW e a súa infraestrutura de evacuación na provincia da Coruña, identificado co Código do proxecto: PEol-416 (BOE nº 161, do 07 de xullo de 2021), e a súa retirada definitiva pola incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto.

Valdoviño, 28 de agosto de 2021



1. NOME:

DNI:

SINATURA:

2. NOME:

DNI:

SINATURA:

3. NOME:

DNI:

SINATURA:

4. NOME:

DNI:

SINATURA:

5. NOME:

DNI:

SINATURA:



6. NOME:
DNI:
SINATURA:

7. NOME:
DNI:
SINATURA:

8. NOME:
DNI:
SINATURA:

9. NOME:
DNI:
SINATURA:

10. NOME:
DNI:
SINATURA:

11. NOME:
DNI:
SINATURA: